

Homenaxe ós 75 anos do asilo de Foz

NOVOS RETOS ► No ano 2008 ábreanse novas iniciativas para o asilo. Unha tarefa de actualización debido ás novas demandas que a sociedade reclama e que os anciáns precisan, pero sempre coa colaboración de dirixentes, veciños e distintos colectivos. Así, o pobo de Foz poderá seguir contando moitos anos máis con este servizo social.

Antón Niño repasa os 75 anos do asilo

A RESIDENCIA comenzo os seus traballos de construción con dúas persoas encargadas de supervisar as obras: Ricardo Amor, coengo de Mondoñedo; e José Louro.

Construír un edificio destas características nunha vila pequena coma Foz supón un aliciente económico para moitas persoas: albaneis, carpinteiros, pintores, carreiros, etc. O transporte de pedra faise en carros do país e os transportistas son labradores de Foz e dos seus arredores, constituíndo este traballo unha fonte de ingresos extras para os veciños. Parte dos materiais proceden de Asturias e son transportados por vía marítima, en barcos veleiros.

Segundo a placa que loce na entrada da residencia, en 1931 o edificio está construído, pero a súa inauguración vai ser algo máis tarde xa que hai que dotar a casa de mobiliario e do material necesario para poder acoller aos anciáns e ás relixiosas que o dirixirán.

Na documentación existente referente ao remate das obras pode lerse: «El edificio ha quedado la obra más acabada que se podía desear para los fines a que se destina. Es el edificio gala y ornato de la Villa de Foz (...) Domina el panorama de la ría y dilatadas perspectivas del litoral desde Tapia a Burela».

O edificio é digno de louvanza por parte de todos. Particularmente chama a atención a capela, que ten dúas tribunas altas, aos lados, para poder oír misa os impedidos. O retablo e o altar son de madeira de nogueira. No centro pode verse unha fermosa imaxe da Virxe dos Desamparados, e aos lados, as imaxes de San Xosé e Santa Marta. No lateral dereito da Capela encóntrase un nicho cinerario onde descansan os restos dos fundadores.

Na mesma documentación faise referencia ao acertado do plano do arquitecto e director da obra, Sr. Lage, e ao celo incansable demostrado por José Louro, quen non perdoou sacrificios para que todo quedara ben rematado para o seu funcionamento.

O día 7 de xuño de 1933 chegan a Foz as primeiras relixiosas da

O edificio é digno de louvanza por parte de todos. Particularmente chama a atención a capela, con dúas tribunas altas



Interior da capela do asilo durante a misa. AMA

1983: Vodas de ouro

A instancias da superiora do asilo, en 1983, constitúese unha Comisión Pro-Vodas de Ouro do Asilo de Anciáns. Ao longo dun ano, pero principalmente no verán dese ano, celébranse moitos actos cunha dobre finalidade: unha moral, de homenaxe, adhesión e cariño cara ao labor extraordinario que alí se realiza, e do que todos os focenses se senten orgullosos; e por outra banda é a intención da Comisión

o materializar esta homenaxe do pobo de Foz coa aportación económica para sufragar os gastos de adquisición dunha nova furgoneta, tan necesaria para os labores da residencia. Así, o 16 de xullo de 1983 inaugúrase un monolito conmemorativo nos xardíns de entrada á residencia coa seguinte inscrición: «El pueblo de Foz a la residencia de ancianos en sus Bodas de Oro, 1933-1983». Unha ampla representación da sociedade focense formou parte desta Comisión que rememora a vida do asilo.

Congregación das Hermanitas de Ancianos Desamparados: Sor Teófila de San Antonio Peñacobba, que exercerá de superiora do asilo, e sor Prudencia de Santo Tomás de Aquino Álvarez. Son recibidas por José Louro, que as aloxa na casa dos fundadores colmándooas de atencións. Ocupánselle na preparación da Fundación, limpan e soben os mobles e utensilios da casa dos fundadores que tamén deixaron para o asilo.

Ao mes seguinte a vila acolle a varias monxas, entre elas a Nai Provincial das Hermanitas' Sor Mercedes del Niño Jesús Villarrica. E o día 11 de xullo. Quedan aloxadas na nova casa dispoñendo todo para o día da solemne inauguración, que vai ser o día 16 do mesmo mes.

Un día antes da inauguración, José Louro bendí o novo asilo e as campás. Á campá maior do camparario pónselle o nome de 'Eli-seo', e á outra 'María do Carme'.

No libro da fundación e historia do asilo pode lerse: «El día 16 de Julio de 1933, festividad de su titular Mariana la Sma. Virgen del Carmen, tuvo lugar en esta pintoresca Villa de Foz, la solemne inauguración del Asilo. Dió principio el acto con la bendición de la Capilla por el M. Y. Sr. Vicario General del Obispado D. Francisco Reigosa Pedrosa. Seguidamente se celebró la Misa Solemne, en la que ofició el M. Y. Sr. D. Ricardo Amor, asistido por los párrocos de Cangas y Nois, y actuó de maestro de ceremonias el que lo es de la Catedral de Mondoñedo, D. Agustín Beaz Pego. (...) Emocionante resultó el canto del 'tantum ergo' al Santísimo Sacramento, que por primera vez se reservaba en el Sagrario de la Capilla, así como el solemne 'Tedeum' en acción de gracias después de la Misa, que fue cantada por un nutrido coro de Hermanitas y acompañada de armonium por la Srta. D.^a Jesusa Louro».

A prensa da época fai referencia aos actos. Entre outras cousas di: «... Un reconfortador asilo en el que el pequeño detalle está escrupulosamente atendido, y a Foz un edificio que es gala y ornato de la villa ... El establecimiento, que está separado de la carretera de la costa por un jardín con amplia escalinata y elegante verja forjada por cierto en los talleres de Foz, cuenta con abundante agua corriente en todos los departamentos y un elevado murallón cierra sus 65 áreas de huerta...».

A vila é pequena. As condicións de vida non son nada fáciles. Vai ser coa xente sinxela do pobo (marriños, labregos e veciños) onde os residentes do asilo encontran agarimo e calor, a maiores dos recibidos polas relixiosas: os barcos apartan un balde cheo de peixe para o asilo, as fábricas de conservas doan lotes dos produtos que facturan, etc.

Periodicamente as monxas saen a pedir polas parroquias veciñas: patacas, fabas, froitas, millo, feixes de palla ... eran os produtos que recollían. Nalgún momento entréganlles roupa e outros materiais.

Con dificultades e con poucos medios, pero con traballo e entrega, o asilo vai mellorando e saíndo adiante. As monxas e os residentes válidos coidan os animais domésticos da casa e fan outros traballos de labranza. As instalacións mellóranse e, cando se pode, o edificio vai dotándose de mobiliario e dos enseres necesarios: calefacción, altavoces, electrodomésticos, sillas e camas para os enfermos e impedidos, furgoneta para o servizo da casa, etc. O pobo colabora en actos benéficos e as relixiosas tamén corresponden colaborando en actos culturais.

No ano 1979 comeza a primeira fase de ampliación e reforma do edificio. A empresa encargada de facer os traballos é a construtora local Os Molineros. As obras da primeira e segunda fase rematan en 1982.

CONGREGACIÓN. Ao longo destes 75 anos son moitas as persoas que pasaron por esta casa recibindo calor e agarimo: xentes procedentes de diferentes puntos da Mariña, de Galicia, de España, e, incluso, doutros países. O traballo asistencial das relixiosas e doutras persoas, profesionais ou voluntarias, fixeron posible que moitos anciáns puideran vivir baixo un teito e coas atencións necesarias que, en moitos casos, os seus familiares non podían ofrecerlles.

Dúas son as congregacións relixiosas que dirixiran esta casa: a congregación das 'Hermanitas de Ancianos Desamparados' desde o mes de xullo do ano 1933 ata o mes de outubro do 2000 (67 anos); e a congregación 'Marta y María', desde o mes de xullo do ano 2001 ata o mes de setembro do 2004 (3 anos). Desde o mes de outubro dese mesmo ano, a residencia está dirixida pola Asociación 'La Edad Dorada - Mensajeros de la Paz'.

Para que esta obra siga adiante e continue sendo orgullo dos veciños da nosa vila é preciso a colaboración de todos: dirixentes, veciños e distintos colectivos. Confiamos en que se poidan superar as dificultades e que «esta nave chegue a bon porto», recalca Antón Niño no seu discurso que fixo no acto celebrado para celebrar o 75 aniversario da residencia focensa.

Con dificultades e con poucos medios, pero con traballo e entrega, o asilo vai mellorando e saíndo adiante